

A Galeuzca literária visita a relación da escrita e a arte

Quince anos de encontros entre escritores galegos, bascos e cataláns, en Compostela

► CARMÉ VIDAL

Os caligramas de Uxío Novoneyra e os poemas-obxecto de Joan Brossa ou Joxean Artze, entre outros, serviron de pórtico expositivo na entrada do Centro de Arte Contemporánea para o encontro do Galeuzca, celebrado en Compostela os días 6, 7 e 8 de Novembro. Revisábase a relación da literatura coas artes plásticas, un telón de fondo que servía, novamente, como lugar de relación dos escritores das tres nacións.

Sorprendentes eran tamén as propostas, algunhas delas descoñecendo facetas descoñecidas, de Xavier Seoane, Lino Braxe, Pepe Cáccamo, Anxo Pastor, Rodríguez Fer, Xoán Anleo ou Paco Souto que, con distintas formas, tomaron plástica a poesía ou fixeron lírica a escultura. A mostra da entrada, comisariada por Xosé M. Álvarez Cáccamo, foi así preámbulo do debate.

E o Galeuzca literario reuníase en Compostela só unha semana despois de que a cidade acollera aos nacionalistas galegos, bascos e cataláns. Acontecía tamén que os escritores cumprían nesta ocasión 15 anos das súas xuntanzas anuais rotatorias que, desta volta, recunhában na Galiza

Os escritores das tres nacións coinciden co espírito do nacionalismo cultural

despois de que hai tres anos se xuntaran co lema da emigración. "Fomos os escritores os que recuperamos o anagrama Galeuzca no 1984 para convertelo nun elemento activo, nun paradigma de encontro intelectual. Neste caso os partidos políticos retoman o símbolo. Non hai tampouco dúbida de que os escritores das tres nacións coinciden no esencial co espírito e a ética do nacionalismo cultural e tamén, en moitos casos, coa súa expresión política" apunta Miguel Anxo Fernán Vello, secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Entende Fernán Vello que na relación entre os xéneros non está nada dito, máis ben responde a unha sorte de "lei do péndulo, ás veces sanciónase a a desaparición dos lindes de forma positiva e outras márcanse as fronteiras". O poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, que coordinou a mesa redonda celebrada no Museo Carlos Maside de Sada, a máis poboada de persoas



De esquerda a dereita, Novoneyra, Graña e Aflera.

A. PANARO

relacionadas coa arte —participaron Isaac Diaz Pardo, Alberto González-Alegre, Xosé María González e Antón Patiño— anota que, máis os especialistas congregados, "pouco se sabe das propostas novas que se están a

facer, é certo que dalgunha maneira os límites desaparecen e á vista está na exposición de poesía visual que se organizou para o encontro, pero tampouco se pode facer unha mestura con todo. Un poema pode ter máis semellanzas coa arte visual que cunha novela pero existen uns parámetros, por moi mínimos que sexan, para manexar-nos". As relacións entre os grupos

Rompente e Atlántica, á vez que a revisitación da obra de Luis Seoane ou Castelao, principalmente, serviron para poñer puntos de inflexión nun debate que ven de vello.

Ven tamén da relación dos pintores que escribiu e escritores que pintaban que fixo Xavier Seoane, —que se congratulou de volver ao CGAC nun "momento de paz" despois da carga política á que asistiu nas súas portas a comezos de Febreiro—, entendendo a cultura como "belixerancia", desde as primitivas formas de creación até a liberación conquistada polas vangardas ou

as novas relacións establecidas entre o criador, o soporte e o espectador a partir da aplicación das novas tecnoloxías. A obra do propio Joan Brossa servíulle a Seoane para poñer de man un caso de "tránsfugas interxénéri-

cos" xa que conseguira mesturar "o touciño coa velocidade".

O escritor catalán, Xulio Ricardo Trigo botou man dos álbumes de Castelao publicados en València para sinalalos co-



Os escritores elixirán o candidato ao Nobel

A Académia Sueca e o seu Comité do Nobel presidido por Kjell Espmark púxose en contacto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega para que propoñan un candidato ao premio Nóbel. Serán os propios escritores os que, a meio de votación secreta, elixan á persoa seleccionada para concorrer ao galardón. Para Miguel Anxo Fernán Vello significa un "recoñecemento para Asociación como representante dos escritores e como portavoz acado para este tema, implica que se ten en conta o traballo que ven de

envolvendo tanto nacional como internacionalmente, un labor de coñiza pero fundamental para a nosa proxección fóra".

A selección da AELG como entidade que designará o candidato supón o destaque tanto das letras galegas como da propia organización profesional, que tomará a dianteira fronte a outras institucións e organismos relacionados coa cultura. O proceso de elección do candidato polos escritores —cada un poderá nomear de un a tres propostas— rematará o día 1 de

Febreiro e o nome gardarase en estrito secreto. A AELG remitirá á Académia Sueca un amplo informe sobre Galiza, a historia da nosa literatura e a figura e a obra da persoa designada. Fernán Vello di que na mente de todos xa andan varios nomes —"nada temos que envexar a outras literaturas que xa teñen Nobel" anota— e asegura que a AELG "vai traballar nesa dirección, de non ser o ano que ven, un día chegará en que un escritor ou escritora galego obteña o premio. Temos moitas posibilidades".

mo a "mellor crónica que se podía facer daquela época. Transmite nos seus debuxos emoción poética e compromiso". A fenda do 1936 impediu, segundo o relatorio presentado por Xosé Luis Axeitos, o desenvolvemento da identidade artística que ten no alfabeto deseñado por Castelao ou na arte plural de Luis Seoane dous pontais na busca de códigos de expresión propios. O escritor basco Jon Alonso, pola súa banda e despois de se referir ao cómic e á crítica, remitiuse ao Manual de Pintura e Caligrafía de José Saramago para afondar na idea de que "pintar e escribir é a mesma cousa, camiños paralelos nos que se extrae coñecemento por meio da arte operando sobre a realidade".

Na análise das referencias non podía faltar o apelo á linguaxe cinematográfica da que tiran boa parte dos escritores contemporáneos. Foi o basco Angel Lertxundi quen valorou a influencia do cine na narrativa deste século. Da súa propia experiencia tirou a necesidade de pensar na luz, nun pintor ou nun cineasta, ao acometer a tarefa da escrita tanto na narrativa como no teatro que ten, ao seu ver, na sétima arte unha cita xa ineludíbel.

O relatorio do profesor e escritor catalán Antoni Marf, presentada a maneira de conclusión, serviu tamén para reparar os encontros e divisións dos xéneros nas distintas etapas históricas. Marf destacou a preponderancia da poesía na Antigüidade clásica pasando pola unificación promulgada no Renacemento coa emblemática figura de Leonardo da Vinci até chegar á contemporaneidade onde a creación só responde á necesidade de expresión artística. Despediu así o encontro que terá a súa continuación o próximo ano en Morella (Castelló). ♦